

## UN ANO DE NEGRURAS

A semana pasada, o Instituto Español de Oceanografía facía públicos dous comunicados consecutivos arredor do tema *Prestige*. O primeiro procedía do xefe do seu Programa de Contaminación, Juan José González; ou sexa, quen dirixe o traballo concreto sobre a situación na costa. O segundo, do director do Instituto, Octavio Llinás; ou sexa, o cargo político que supervisa todo.

Interésanos particularmente o que din os investigado-res. Da análise das columnas de auga a distintas pro-fundidades na nosa costa dedúcese: primeiro, os restos de fuel non se reduciron na medida do espe-rado (?); segundo, está perdida unha xeración de pei-xes, moluscos e crustáceos por culpa do piche que hai nos fondos e as penas. A contaminación vai a menos paseniñamente e os efectos sobre ovos e larvas pode-rían durar entre catro e seis anos.

O que supoñiamos. Que o director do IEO saíse ao pouco desautorizando o informe e quitándolle ferro á situación tampouco non é novo. É cargo político, xa quedou dito.

Soubemos tamén estes días que van empezar labores de biorremediación nas Illas Atlánticas; chéganos o ruxerruxe de que a inactividade estaba a dar moi mala imaxe na rede europea de parques. Di o goberno que estará rematado para abril; as nosas fontes indican que xuño ou xullo parece prazo máis realista. Sos-peitan tamén que, solucionado o seu problema de imaxe, deixarán o resto da costa entregado á “acción rexeneradora do propio mar”. Seguímolo contando. Non nos enganan. Non nos han parar.

## ACTOS DO CABODANO

### Esta semana

Xoves, día 6 de novembro, teremos un interesante debate no local da Fundación Caixa Galicia, na Praza de Santa María:

Ás 20:00, *Situación actual da catástrofe do Prestige, desde Galiza até Bruxelas*.

Estarán connosco Camilo Nogueira, eurodeputado do BNG, e Xosé Luís Rodríguez Pardo, presidente do Colexio de Avogados de Galicia.

### A semana do cabodano

Xoves, día 13 de novembro, ás 20:30, concentrarémonos diante do concello. Ese día fará un ano que o *Prestige* comezou a andar á deriva.

Domingo, día 16 de novembro, manifestarémonos en Compostela. Fará un ano da primeira marea negra.

HABERÁ AUTOBUSES.

